

XG>>> Candidatura Eleccións Maio 2007

O pasado día 16 de abril a Xunta de Goberno do COAG proclamou as candidaturas que concorrerán ao proceso electoral de maio-2007. Para cubrir os cargos correspondentes á Xunta de Goberno só se presentou unha candidatura completa encabezada por Celestino García Braña, o que e según os nosos estatutos fai que automaticamente quede elixida en todos aqueles postos de concorrencia única.

Na medida que iso poida significar un apoio de facto á nosa candidatura quedamos agradecidos a todos vos.

En todo caso queremos transmitirvos algunhas ideas que pretendemos poidan servir como declaración de intencións, programa e compromiso, indicativos das liñas de traballo que aspiramos a desenvolver nos próximos anos.

So brevemente, xa que na obrigada memoria a presentar na Xunta Xeral do mes de maio, farémolo máis polo miúdo, lembrar que os eixes básicos da nosa actuación durante o pasado ano, foron na dirección do que no programa electoral chamabamos Defensa do Arquitecto – Defensa da Arquitectura, o que paseniñamente foi concretándose nos seguintes temas:

_Atención primordial aos efectos derivados da posta en marcha do CTE.

_Urxencia dos visados.

_Proceso de formación dos colexiados: cursos, publicacións, memorias informatizadas, a disposición de tódolos colexiados de Galicia e máis de 8.000 ate hoxe, vendidas entre os membros doutros colexios.

_Contratación de “colexiados de apoio”.

_Impulso ao visado dixital como nova ferramenta no exercicio profesional que pouco a pouco está a aumentar o número de colexiados que fan uso desta nova ferramenta.

_Impulso á nosa páxina web.

_Posta en marcha do programa coordinado de bibliotecas dos COAs de toda España.

_Publicación das “Fichas de esixencias mínimas no deseño de edificios de vivenda de Galicia adaptadas ao CTE”.

_Análise do funcionamento interno do Colexio. Están elaboradas as primeiras conclusións pola empresa externa encargada deste traballo e nos vindeiros días serán obxecto de discusión pola Xunta de Goberno e de inmediato repartirase un resumen a todos os colexiados.

Estimamos que unha parte importante do noso traballo foi dirixido a conectar coa Administración Pública galega e institucións significativas, no afán de que as nosas preocupacións e intereses se viran máis amplamente recoñecidos.

Asinamos convenios coas Consellerías de Presidencia, Educación, Política Territorial e Vivenda, Concello de Santiago, Consorcio da Cidade de Santiago, Fundación Caixa Galicia, Zona Franca de Vigo, Empresarios do Granito, Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, ETSA, ... por reseñar agora só os máis significativos. En todos eles dun xeito ou doutro: concursos, seminarios internacionais, difusión da arquitectura, exposicións, catálogos, Proxecto Terra, bolsas de traballo,... tratouse de acadar “mellores ocasións” para a arquitectura e o urbanismo e a súa difusión social, apoiadas en cantas oportunidades tivemos de asegura-la nosa presenza nos medios de comunicacións.

Aínda que se trata so dun breve resume do realizado, non podemos ocultar un dobre sentimento: Por unha banda de certa satisfacción pois estimamos que o feito é a continuidade no mellor que tivo este Colexio e o inicio dunha adaptación ás novas circunstancias que afectan ao noso exercicio profesional e ao mesmo tempo dalgunha frustración pois, a fin de contas, a ninguén se lle escapa que aínda é demasiado o que queda por realizar:

_O noso funcionamento interno ten aínda lagoas que é necesario superar. Debe mellora-la atención ao colexiado en tódolos seus extremos, recoller máis rapidamente as queixas que no traballo diario podan producirse, así como redobrar o esforzo na defensa

dos intereses do Colexio e os colexiados ante organismos de control, aseguradoras, etc...

_O exercicio do visado debe estar comprometido en datas concretas de xeito que todos os colexiados saibamos a qué nos ater, datas que naturalmente deben ir á baixa. O pulo ao visado dixital debe continuar de xeito que en pouco tempo sexa a opción utilizada por todos nós. Tivéronse conversas coa Administración e algún concello para estender esta opción á tramitación de licenzas, cremos que en poucos meses podemos iniciar algunha experiencia piloto nesa dirección. Ao mesmo tempo debemos acadar o maior grado de obxectivación no exercicio do visado, contamos con excelentes colaboradores e é sobor de todo traballo de entendemento e posta a punto.

_A páxina web, como vehículo de comunicación interna, debates, iniciativas debe axilizarse aínda máis, así como aumentar en contidos. Temos que acadar unha maior e mellor divulgación de actos e actividades promovidas polo Colexio, tanto en Sede como en Delegacións. Así como o aumento dos enlaces e xeración de hipertextos e incorporar –de acordo coa CAT- unha biblioteca de materiais e detalles tecnolóxicos.

_Seguimos a ter dificultades para un control máis eficaz do reparto das cargas colexiais segundo as diferentes modalidades de exercicio profesional: libre, obra oficial, urbanismo. Mentres isto non o melloremos as achegas serán desequilibradas e polo tanto inxustas.

_A “Cat” veu desenvolvendo un excelente traballo. O programa de redacción de memorias tivo moi boa acollida dentro e fora do Colexio e debemos proseguir nesta tarefa, percurando que estas magníficas experiencias se sigan a desenvolver e a ampliar. Debemos situar ao noso Colexio en óptima posición en relación cos temas informáticos co resto dos Colexios.

_Debemos mellorar no funcionamento das diferentes Comisións: planeamento, cultura, visado, e pensar na posta en marcha doutras novas: vivenda, formación continuada, sostenibilidade, tanto en Sede como nas Delegacións, asegurando a súa axeitada coordinación e a aberta participación de quen queira incorporarse a elas desde as súas propias opinións e sensibilidades.

E si o anterior resposta a iniciativas que teñen que ver, sobor de todo, co traballo interno, no mesmo plano estamos obrigados a proseguir e desenvolver as iniciativas que tomamos no que poderíamos chamar “relacións exteriores”. Deron bos resultados ate o de agora, e non é necesario insistir en toda a súa importancia: a cuestión da Ordenación do Territorio, os anunciados cambios en materia de vivenda e rehabilitación, van a influír no noso quefacer cotián, o que debe propiciar un continuado debate sobre territorio, cidade e arquitectura. A mellora e intensificación do labor de difusión da importancia da arquitectura, o Proxecto Terra, o aumento no número e calidade dos concursos, Seminarios Internacionais de Urbanismo (CITUR), os “Encontros” de arquitectura, publicacións.

Todas estas comezan a ser sinais de identidade do noso Colexio que non debemos perder e nas que nos propoñemos seguir a inverter esforzos.

A tarefa é ampla e para nós segue a ser ilusionante, estamos convencidos de que a maior parte de vos tamén o considera así. Presentámonos a estas eleccións como equipo no que, como veredes, hai continuidades e tamén novas incorporacións. Coincidimos, como non podía ser doutro xeito, nas grandes estratexias colexiais, as sensibilidades persoais son de cada cal.

Naquela coincidencia, pedimos o voso apoio para o labor de goberno do Colexio nos catro vindeiros anos, tarefa que aquí queda esbozada e comprometida e, desde logo, o voso voto para:

ALFREDO DÍAZ GRANDE / ANTONIO FREIRE ROMERO / CÉSAR COLL NUEZ

Que se presentan na nosa candidatura como vocais da Xunta de goberno e a quen necesitamos para desenvolver as ideas enriba comprometidas.

_Decano:	Celestino García Braña
_Secretario:	Alfredo González Cascallana
_Tesoureiro:	José Antonio González González
_Vocais:	Alfredo Díaz Grande
	Antonio Freire Romero
	César Coll Nuez
_Vocal_Coruña:	Vicente Peláez Sanz
_Vocal_Vigo:	Mariano de Labra Morán